

# Camiño das estrelas

## Vía da Prata

Guías educativas



**GUÍA ACTIVIDADES PARA PRIMARIA  
GALEGO**

# REALIZACIÓN

## Autoría:

Asociación Trebellos de Mediación  
María Sonia Paz González

## Coordinación:

María Otilia González Rodríguez

## Contidos:

María Otilia González Rodríguez  
María Sonia Paz González

## Colaboracións:

Paco Boluda  
Cristina Ouro



# **ASOCIACIÓN TREBELLOS DE MEDIACIÓN**

É unha Asociación, para a Prevención, Xestión, e Resolución de Conflictos de maneira positiva (comunidade educativa, familiar, Social...), Onde se fomentan todas as Técnicas das Prácticas Restaurativas (Escoita activa, comunicación non violenta, dialogo, emocións...)


## **OBXECTIVOS**

- Fomentar o coñecemento e os valores positivos da Vía da Prata
- Potenciar a xestión de emocións, a imaxinación e a creatividade
- Poñer o alcance de todos/as a cultura, historia, artesanía da Vía da Prata e o camiño de Santiago
- Coidar as raíces da nosa cultura e saber popular a través da Vía da Prata

# **MEMORIA DA GUÍA**

Dende Asociación Trebellos de Mediación coa colaboración de María Sonia Paz González, xunto con outros colaboradores presentan unhas guías educativas para dar a coñecer e afianzar a Vía da Prata, ademais de traballar a igualdade de xénero, o respecto polas diferencias dos demais, a tolerancia, inclusión...

Cun formato adaptado as diferentes idades educativas, as sesións están descritas con todo o material que fai falta para a súa realización; Todo o material poderase descargar gratuitamente na Páxina Web da Asociación Trebellos de Mediación. Cada guía ten asignada unha cor, que representa unha idade.




# MEMORIA DA GUÍA

## METODOLOXÍA

A metodoloxía educativa preséntanse como un conxunto de actividades, planificadas, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe sen esquecer os beneficios do xogo, ademais dos valores (respecto, asertividade, traballo en equipo, escoita activa, comunicación non violenta, igualdade...), que comparten os peregrinos/as o longo da súa experiencia.

Así as sesións propostas, fanse en actividades onde aparece todo o material, duración, e obxectivos.





# SESIÓN

# INDICE

Sesión 1: Cromos dos símbolos da Vía da Prata.

Sesións 2: Os Sons da Vía da Prata.

Sesión 3: Recortables do Peregrino/a .

Sesión 4: O Camiño das Estrelas.

Sesión 5: Emocións na Vía da Prata

Sesión 6: Diferentes Culturas da Vía da Prata

Sesión 7: Asertividade na Vía da Prata

Sesión 8: Libro Viaxeiro da Trasná Exeria

Sesión 9 : Xogos Populares na Vía da Prata

Sesión 10: Un Camiño Saudable

Sesión 11: Rosco da Fauna e a Flora da Vía da Prata

Sesión 12: Artesanía na Vía da Prata

Sesión 13: Monumentos da Vía da Prata

Sesión 14: Recortable bote dos lapis da Trasná Exeria

sesión 15: Coeducación o Camiño en Fiminino

# SESIÓN 1: CROMOS DOS SÍMBOLOS DA VÍA DA PRATA.

**Duración:** 50min/1 sesión



**Material:**

Rotuladores de cores, Folios , celo, cola, cartolina diferentes cores,  
Anexo 1

**Obxectivos:**

- Adquirir coñecemento da via da prata a través do seus símbolos
- Incentivar a lectura, Fomentar a creatividade e a imaxinación

**Actividade:**





Buscamos información dos símbolos da Vía da Prata e as personaxes que a percorren.

Os nenos/as teñen que escoller os símbolos ou personaxes e debuxalos co seu nome, pintalos e logo poden facer una colección e poden intercambialos. A ficha para realizar os cromos levará unha cartolina colada por detrás para facer a súa base máis dura o modelo no Anexo 1





# Anexo 1: Ficha realización cromos



## SESIÓNS 2: OS SONS DA VÍA DA PRATA

**Duración:** 50min / 2 sesións



**Material:**

Papel mural, rotuladores de cores, aparato musical, anexo 2

**Obxectivos:**

-Fomentar a creatividade

-Potenciar a vía da prata e o camiño de Santiago a través da musica

**Actividade:**

Faremos grupos de 4 repartimos as cancións de youtube anexo 2 sobre o camiño entre os grupos unha vez que os escoiten teñen que representar o que lles transmite as cantigas e poñelo sobre un mural logo compartilo cos compañeiros/as, unindo todo e facendo un mural mais grande

**Variante:** Poden facer unha corografía ou representar a canción con mímica



## Anexo 2 Cancións de youtube sobre a Vía da Prata e o camiño

### **CANCIÓN: CAMIÑO DAS ESTRELAS (CAMIÑO DE SANTIAGO)**



### **A SANTIAGO VOY (REMASTERIZADO)**



## SESIÓN 3: RECORTABLES DO PEREGRINO/A

**Duración:** 50 min / 1 sesión

**Material:**

Ceras de cores, tesoiras, fichas anexo 3 e 4



**Obxectivos:**

- Fomentar a creatividade e o coñecemento da vía da prata a través da imaxinación
- Coñecer as diferentes roupas dos peregrinos/as a través do tempo



**Actividade:**

Iniciamos dialogo, como cren que van vestidos os peregrinos e as peregrinas?, que se poñerían para percorrer a vía da prata?.






Vamos ás fichas do anexo 3 e 4 e pintamos os debuxos do peregrino e peregrina, así como a roupa como eles queiran logo recortamos



## Anexo 3: Pinta e recorta os peregrinos



## Anexo 4: Pinta e recorta



## SESIÓN 4: O CAMIÑO DAS ESTRELAS.

**Duración:** 50 min / 1 sesión

**Material:**

Anexo 5 Ficha actividade, rotuladores de cores , ceras, lapis



**Obxectivos:**

-Potenciar o coñecemento do camiño a través da astroloxía

**Actividade:**

Iniciamos dialogo, por que se chama o camiño de Santiago o camiño das estrelas?, Que une as estrelas e o camiño de Santiago?

Buscar que constelacións están presentes no camiño de Santiago logo na ficha das constelacións os participantes terán que crear o debuxo dunha constelación, unindo os puntos con liñas como eles/as imaxinen creando a súa propia constelación e pórllle nome



## Anexo 5: Ficha técnica das Constelacións

### Que son as constelacións ?

As constelacións son grupos de estrelas que forman figuras no ceo. As galaxias son grandes agrupacións de millóns de estrelas e nebulosas.

A nosa galaxia denomínase Vía Láctea. As estrelas son astros que teñen luz propia e emiten calor.


### Que é a Vía Láctea?

A Vía Láctea é a galaxia da cal forma parte o sistema solar, é dicir, a galaxia onde se atopa a Terra. Consiste nunha xigantesca agrupación de estrelas, planetas e nubes de gas con forma de espiral barrada e un diámetro medio de ao redor de 200.000 anos luz.


O nome Vía Láctea provén da mitoloxía romana, e esta de a grega, que significa en latín camiño de leite. Esa é, en efecto, a aparencia da tenue banda de luz que atravesa o firmamento terrestre, e así o afirma a mitoloxía grega, explicando que se trata de leite derramado do peito da Deusa Hera (Juno para os romanos). Rubens representa a lenda na súa obra O nacemento da Vía Láctea. Con todo, xa na Antiga Grecia, o astrónomo Demócrito (460-370 a. C.) suxeriu que aquel fai branco no ceo era en realidade un conglomerado de moitísimas estrelas demasiado tenues individualmente como para ser recoñecidas a primeira ollada. A súa idea, con todo, non tivo respaldo ata 1609, cando o astrónomo italiano Galileo Galilei fai uso do telescopio e constata que Demócrito estaba no certo, xa que onde queira que mirase, aquel lugar atopábase cheo de estrela



# Anexo 5: Ficha técnica das Constelacións



## Anexo 5: Ficha Crea as túas constelacións



# SESIÓN 5:EMOCIONS NA VÍA DA PRATA

**Duración:** 50min/1 sesión

**Material:**

Papel mural, cores, ficha Anexo 6 ,



**Obxectivos:**

-Identificar as emocións que se viven na Vía da Prata

**Actividade:**

Facemos un repaso das emocións, cales son?, logo coa ficha do anexo 3 en tamaño mural para ir complementando todos xuntos, vamos vendo que fai unha peregrina e vamos debuxando caras cas emocións no mural, como se sinte ela?, como nos sentiriamos nos?



**Anexo 6:** Ficha Actividade: Poñer caras cas emoción que sentiría a peregrina en cada recadro, logo o carón destas podes por as túas



# SESIÓN 6: DIFERENTES CULTURAS DA VÍA DA PRATA

**Duración:** 50min/1 sesión



**Material:**

Papel mural, tesoiras, cola, rotuladores, fotocopias bandeiras distintos países

**Obxectivos:**

-Fomentar a inclusión a igualdade e a diversidade

**Actividade:**

Hai moitos peregrinos/as de distintos países, culturas e crenzas que fan a Vía da Prata, Que credes que achegan a nosa cidade?, que lle achega a Vía da prata a quen a percorre?, Que credes que lle pode chamar atención da nosa cultura a un destes peregrinos/as? .

En grupos de 6, repartiranse diferentes bandeiras de distintos países dos 5 continentes a cada grupo dos peregrinos/as que percorren a Vía da Prata. Primeiro os grupos exercerán de investigadores reunindo a máxima información dos pais que lles toca, como: Onde se atopa o país, ríos ou montañas famosas, costumes das súas xentes, gastronomía típica, monumentos, algunha palabra no seu idioma, fauna e flora...

## SESIÓN 6: DIFERENTES CULTURAS DA VÍA DA PRATA

### Actividade:

Ademais terán que dicir o que mais lle gustou do país, e con que senten identificados todo isto porano nun mural que compartiran cos compañeiros/as.

**Variante:** Pódese facer tamén cas comunidades autónomas por onde pasa a vía da prata



# SESIÓN 7: ASERTIVIDADE NA VÍA DA PRATA



**Duración:** 50min/1 sesión

## **Material:**

Papel mural, rotuladores, Anexo 7 ficha información

## **Objetivos:**

- Fomentar a comunicación asertiva, xestión emocional
- Saber afrontar os conflitos dunha maneira asertiva

## **Actividade:**

Coñecemos que é asertividade e a táboa de dereitos asertivos que temos, Usamos algún nas nosas vidas?, como os adaptarías os valores da Vía da Prata?, Facemos un mural sobre estes dereitos asertivos en común engadindo os dereitos que nos creamos que falten, ademais de poñer que é asertividade para eles/as

### **Variante:**

Por grupos de 4 damos unhas situacións onde terán que poñer como reaccionarían de xeito asertivo, explicar o por que da súa reacción, posta en común, cal e a mellor solución?, Cal lle resulta mais fácil de aplicar e por que?, con cal se identifican?



## Anexo 7: Ficha da Asertividade

### **Asertividade:**

Ser asertivos significa expresar pensamentos e sentimentos de forma honesta, directa e correcta. Implica respectar os pensamentos e crenzas doutras persoas, á vez que se defenden os propios. Expressar adecuadamente os sentimentos e desexos require dunha importante habilidade persoal e interpersoal

### Tabla de Derechos Asertivos: Derecho a ...

- ◆ Ser tratado con respeto y dignidad.
- ◆ Tener y expresar los propios sentimientos y opiniones,
- ◆ Ser escuchado y tomado en serio.
- ◆ Juzgar mis necesidades, establecer mis prioridades y tomar propias decisiones.
- ◆ Decir "NO" sin sentir culpa.
- ◆ Pedir lo que quiero, dándome cuenta que la otra parte tiene derecho a decir "no".
- ◆ Cambiar
- ◆ Cometer errores
- ◆ Pedir información y ser informado.
- ◆ Obtener aquello por lo que pagué.
- ◆ Decidir no ser asertivo



## Anexo 7: Ficha Situaciones

### **Situación 1**

unhas amigas deciden facer o camiño de Santiago, Ana gustaríalle facer a ruta da vía da Prata pero Sara sen preguntar decide ir polo camiño francés

Como se sinte Ana?, que farías se foras ela?, e dunha forma asertiva?

### **Situación 2**

Chegades tarde o albergue e ti estas moi cansado, os teus compañeiros deciden ir todos a tomar algo despois da cena, e ti vas para que non se enfaden contigo

Como che sentes ante a situación?, Que farías?, e de forma Asertiva?

### **Situación 3**

Pedro mira o mapa para ver si van pola ruta correcta Juan quítalle o mapa de malas formas e decide que o grupo vai por un atallo que el coñece e que lle aforrara medio día de viaxe

Como che sentes ante a situación?, Que farías?, e de forma Asertiva?

### **Situación 4**

Estades comendo e un dos do grupo de peregrinos ponche un alcume que os demais faille moita graza pero a ti ningunha, pero non sabes si dicir algo ou non para que non te chamen aburrido ou cousas peores Como che sentes ante a situación?, Que farías?, e de forma Asertiva?

## SESIÓN8: LIBRO VIAXEIRO DA TRASNA EXERIA

**Duración:** Durante o curso escolar

**Material:**

Fichas do libro, fotos, debuxos



**Obxectivos:**

-Fomentar a lectura, ademais de favorecer unha actividade familiar

**Actividade:**

O libro viaxeiro da Trasná Exeria, consistirá en que cada neno/a leve para a casa unhas fotocopias que lle de a mestra/e para cubrir ca familia, alí terán que contar curiosidades, experiencias, lendas, gastronomía que coñezan da vía da prata este pode ir acompañado de debuxos e fotos, unha vez realizado, entregase a mestra/e que o remate fará un libro con todos os traballos para os nenos/as



# SESIÓN 9: XOGOS POPULARES NA VÍA DA PRATA

**Duración:** 50min/1 sesión

**Material:**



Cordas, gomas para saltar, sacos, xiz, pano grande para cubrir os ollos, chapas de refresco, buxainas

**Obxectivos:**

- Potenciar a creatividade
- Fomentar as relacións interxene ,Coñecer parte da nosa cultura a través do saber popular dos nosos maiores

**Actividade:**

Inventaremos a persoas maiores do noso entorno(avós ou avoas) para que nos falen de cando eran nenos/as a que xogaban?, como eran os seus xoguetes, que diferenza vedes cos vosos?, logo realizar no patio unha sesión de xogos populares, as agachadas, carreiras de sacos, buxainas, a galiña cega, o truco, o pilla, pilla, as chapas, xogos de corda ou goma, Xogo das Peregrinas da Vía da Prata, podemos pintar as súas personaxes no anexo 8



## **Anexo 8:** Información das personaxes xogo e fichas para colorear


### **Trasna Exeria**

Comparte nome ca primeira muller peregrina Exeria, a Trasna coñeceuna, foi pola idade antiga en concreto no Grande Imperio Romano, a Peregrina Exeria pertenceu a unha familia Patricia da elite da súa época, ela no século IV peregrinou dende a antiga Gallaecia (a actual Galicia) ata Terra Santa, Xerusalén.

Feito moi pouco usual para unha muller na súa época ademais de percorrer este camiño como peregrina deixou a súa longa viaxe por escrito, o seu relato foi atopado no século XIX, permitindo descubrir as condicións no que facían o camiño, converténdose en toda unha heroína.



## Anexo 8: Fichas para colorear




A TRASNA

## **Anexo 8: Información das personaxes xogo e fichas para colorear**

### **As Mouras**

Criaturas fantásticas que solen vivir nas construcións Megalíticas e a auga, teñen longos cabelos que andan a peitear co seu peite de ouro e poden axudar con regalos ou ser o peor pesadelo de quen as moleste, por iso Exeria xoga pouco con elas e outros a quen tamén non trata de amolar son os Xacios seres máxicos metade anfibios con figura humana que viven no fondo das augas do río que esta considerado o Pai dos ríos galegos, o Miño que pasa por Ourense nace na provincia de Lugo e desemboca na provincia de Pontevedra na Garda.



## Anexo 8: Fichas para colorear



A MOURA

## **Anexo 8:** Información das personaxes xogo e fichas para colorear

### **Nubeira**

Estas viaxan sobre as nubes mandan nelas e controlan os raios e os tronos, os ventos e a chuvia, esta pode ser de varias maneiras como a Treboada mais forte e o Orballo suave.





**Anexo 8:** Fichas para colorear



**NUBEIRA**

## **Anexo 8: Información das personaxes xogo e fichas para colorear**


### **Meiga co seu Caldeiro**

As Meigas son mulleres con poderes máxicos que neste caso fan o ben, coñecen moi ben todas as plantas que curan e gústanlle os gatos negros



### **Galo Lagoa de Antela**

En Xinzo da Limia, vila da Provincia de Ourense, teñen a Lagoa de Antela coñecida pola súa lenda que di que no fondo da lagoa existiu unha cidade que polo seu pecado de idolatría de render culto ao galo recibiu o castigo de ser asolagada polas augas. Hoxe en día aínda destaca a figura do galo en campanarios e torres




**Anexo 8:** Fichas para colorear



MEIGA

**Anexo 8:** Fichas para colorear



© GALO DE ANTIOQUÍA

# SESIÓN 10: UN CAMIÑO SAUDABLE



**Duración:** 50min/ 2sesións

**Material:**

Fichas comida saudable anexo 9 e caixa de emerxencias anexo 10

**Obxectivos:**

-Fomentar os hábitos saudables

**Actividade:**

Que son os hábitos saudables e como melloralos?, coñecemos os hábitos saudables da vía da prata?, unha vez teñamos feito o dialogo podemos facer as fichas dos anexos.

Anexo 9 comida saudable e outra Anexo 10, que necesitamos na caixa de emerxencias das peregrinas /os



## Anexo 9: Escolle cal dos alimentos son os axeitados para os peregrinos/as rodeándooos cun círculo



**Anexo 10: Escolle o que vai na caixa das emerxencias dos peregrinos/as recorta e pega**



# Anexo 10: Escolle o que vai na caixa das emerxencias dos peregrinos/as recorta e pega





# SESIÓN 11: ROSCO DA FAUNA E A FLORA DA VÍA DA PRATA

**Duración:** 50min/ Varias sesións

**Material:**

Definición das palabras anexo 11 , chifres



**Obxectivos:**

- Transmitir e fomentar o valor do respecto, polos animais e plantas
- Fomentar o coñecemento sobre a vía da Prata a través da fauna e da flora

**Actividade:**

Baseado no concurso de televisión, aquí os participantes dividiránse en grupos de 4

- Haberá un moderador/presentador que lera as definicións.
- Cada grupo terá un encargado dun chifre, este será quen faga o soar sempre que o grupo saiba a resposta. So poderán dicila cando o moderador/presentador déalle a palabra de caso contrario será resposta nula.
- O roscó será 1 para todos os grupos, se acertan porase un círculo verde levando un punto e se fallan un círculo vermello quitándolle un punto. Gañando o final quen acerte máis palabras.
- O Moderador/presentador dirá a letra e logo pode tocar definición ou proba, estas coma as definicións terán que ver co Medio ambiente, Fauna ou Flora da vía da prata.

## Anexo 11: Definicións e probas

**A:** Insectos polinizadores mais importantes das plantas con flores e que os peregrinos/as evitan

**(ABELLAS)**

**B:** Nome en castelán do froito do carballo que abunda na vía da Prata e en galego chamase Landras

**(BELLOTAS)**

**C:** Nome da árbore que dá castañas

**(CASTIÑEIRO)**

**D:** Cortar árbores facendo desaparecer os bosques, erosionando o chan perdendo a biodiversidade tanto na vía da prata como no resto do territorio galego

**(DEFORESTACIÓN)**

**E:** Lugar da natureza formando por un espazo determinado ou concreto e os seres que o habitan estes lugares poden estar na auga na terra ou ambos

**(ECOSISTEMA)**

**F:PROBA:** Descubre cal destas especies de plantas son autóctonas da vía da prata

**(CARBALLO, CAMELIA, CASTIÑEIRO)**

## Anexo 11 : Definicións e probas

**G:** Animal domestico que nos axuda a manter os ratos a raia  
**(GATO)**

**I:** Perda da masa forestal por causa do lume  
**(INCENDIO)**

**J:** Porco bravo en castelán  
**(JABALI)**

**L:** Animal salvaxe pouco querido polos gandeiros pero necesario para o ecosistema da fraga, emparentado co can  
**(LOBO)**

**M:** Grupo de animais salvaxes da mesma especie que viven xuntos  
**(MANADAS)**

**N:** Froito da nogueira que gusta a peregrinos/as e veciños  
**(NOCES)**

**Ñ:** PROBA: Poñer o nome destas árbores en galego  
**(CASTIÑEIRO, MACEIRA, PEREIRA)**

## Anexo 11 : Definicións e probas

**O:** Animal ruminante que a súa cría e o cordeiro, da leite coa que facemos queixos

**(OVELLA)**

**P:** Se un peregrino/a reciclar unha botella de auga, no contedor amarelo en cal o recicla?

**(PLÁSTICO)**

**Q:** Produto que se fai ca leite de vaca, ovella ou cabra

**(QUEIXO)**

**R:** Nome en castelán da árbore autóctona galega por excelencia e venerada polos celtas

**(ROBLE)**

**S:** Anfibio de corpo mais goso que a ra, e coa pel chea de verrugas

**(SAPO)**

**T:** Arbusto espiñento de flores amarelas, chamada alecrín, que se atopa pola vía da prata e toda Galicia

**(TOXO)**

## Anexo 11 : Definicións e probas

**U: PROBA:** Di os animais que son especies invasoras da vía da prata e a comunidade

**(MOSQUITO TIGRE, VISÓN AMERICANO)**

**X:** Arbusto de flores amarelas ou brancas que salpica toda a vía da prata e a comunidade galega, en ourense realízase a festa dos maios con este arbusto

**(XESTA)**

**Z:** Nome en castelan do animal arteiro que habita no monte galego, Os seus trazos típicos inclúen un fino fuciño e unha espesa cola.

**(ZORRO)**

# F:PROBA: Descubre cal destas especies de plantas son autoctonas da vía da prata



# Ñ: PROBA: Poñer o nome destas árbores en galego



# U: PROBA: Di os animais que son especies invasoras da vía da prata e a comunidade





## SESIÓN 12: ARTESANÍA NA VÍA DA PRATA



**Duración:** 50min/1 sesión

**Material:**

Visita de artesán, anexo 12

**Objetivos:**

-Descubrir os oficios e artesanías típicos da Vía da Prata, xoiería, cestería, coiro , metal, etc.

**Actividade:**

Falamos dos oficios e artesanías e podemos invitar a distintos artesáns para que podamos coñecer o seu oficio ou visitalos nos seus talleres.

Información no Anexo 12



## Anexo 12: Ficha Informativa Oficios Artesáns

### O Coiro

**Descrición:** “O coiro é un material moi utilizado desde antigo para resolver diferentes necesidades, fabricando con el infinidade de obxectos útiles. Un material que se sigue empregando na actualidade para moitos usos”. ( El cuero - Xacobeo (accioncultural.es)

### Cestería

**Descrición:** “A elaboración de cestos con materiais vexetais é unha práctica utilizada desde moi antigo. Son numerosos os restos arqueolóxicos que se localizaron a pesar do carácter perecedoiro destes materiais. As fibras vexetais son un material que presenta numerosas vantaxes. En primeiro lugar porque son varias as plantas que poden ser utilizadas para esta función como a vimbia, o cáñamo, a cor xiz dalgunhas árbores, a palla...; un catálogo de plantas que podemos encontrar en moitas latitudes o que permite unha universalidade desta labor e que en cada caso adáptase aos materiais dispoñibles en cada zona. Por outro lado é moi abundante, fácil de conseguir e económica, tres circunstancias que facilitan o seu uso. Na actualidade o número de artesáns que se dedican ao oficio é moi limitado e podemos considerar que é unha artesanía que se atopa en grave risco de desaparición e, con ela, a perda duns saberes que se foron fraguando ao longo dos séculos nunha actividade a que acompañou a humanidade dende os seus máis remotas orixes. Trátase pois dunha artesanía que require de medidas urxentes para garantir a súa supervivencia e preservar así este importante patrimonio”.

( Cestería y fibras vegetales - Xacobeo (accioncultu-ral.es)

## Anexo 12: Ficha Informativa Oficios Artesáns

### Os metais na artesanía

**Descrición:** Desde a Idade de Ferro o home empregou os metais para a elaboración de diferentes obxectos e utensilios.

#### Asemblea de inicio:

- Breve historia do museo arqueolóxico provincial de Ourense.
- **A peza do mes:** Listado de pezas. Que é a peza do mes?
- **Servicio fotográfico.**

**Solicitar ao correo:** [mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

**Solicitar por teléfono:** 988788439

#### Actividade da sesión:

- Visita guiada ao museo arqueolóxico.

MusarqOurense | Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense (xunta.es)



## SESIÓN 13: MONUMENTOS DA VÍA DA PRATA

**Duración:** Non ten tempo establecido

**Material:**

Papel mural, fotos monumentos, celo

**Obxectivos:**

-Coñecer o patrimonio arquitectónico da vía da prata na nosa cidade para poder desfrutalo e coidalo

**Actividade:**

Prepara unha saída pola cidade para ver por onde pasa a vía da prata e os monumentos que ten (Concello, catedral, pontes...)  
Facer fotos con nenos/as incluso que eles poidan facer algunha o chegar a aula plasmalas nun mural



# SESIÓN 14: RECORTABLE DO BOTE DOS LAPIS

**Duración:** 50 min / 1 sesión

**Material:**

Anexo 13 e 14, tesoiras, cola uo celo, foto carnet



**Obxectivos:**

-Fomentar a creatividade e o coñecemento da vía da prata e a Trasn Exeria

**Actividade:**

Falamos da Trasn Exeria de como vive na vía da Prata podemos ler o seu conto Anexo 13.

Anexo 14, Recortamos a ficha do bote de lapis, polas liñas negras dobramos a caixa e colamos as pestanas para formar o cadrado con pegamento ou celo no recadro branco con marco verde podes debuxar ou pegar a túa foto



## Anexo 13: Conto Trasná Exeria

Entre a sombra do tempo, no camiño da vida mais coñecido como Camiño de Santiago, entre todas as súas rutas existe unha, a Vía da Prata que ten unha moradora especial por ela camiña preto dos peregrinos/as, a Trasná Exeria facendo das súas, nada malo so cousas de trasnos .

Comparte nome ca primeira muller peregrina Exeria, a Trasná axudouna, foi pola idade antiga en concreto no Grande Imperio Romano, a Peregrina Exeria pertenceu a unha familia Patricia da elite da súa época, ela no século IV peregrinou dende a antiga Gallaecia (a actual Galicia) ata Terra Santa, Xerusalén.

Feito moi pouco usual para unha muller na súa época ademais de percorrer este camiño como peregrina deixou a súa longa viaxe por escrito, o seu relato foi atopado no século XIX, permitindo descubrir as condicións no que facían o camiño, converténdose en toda unha heroína.

Por iso a nosa trasna tomou o seu nome por ser tan aventureira e decida coma ela, a Trasná Exeria coñece moi ben a Vía da Prata, pois é o seu fogar. Inda que esta ruta pase por 4 comunidades autónomas (Andalucía, Estremadura, Castela e León e Galicia) e por esta última comunidade onde pasa mais tempo.

## Anexo 13: Conto Trasná Exeria

O nome da Vía da Prata, a Trasná sabe que non ten nada que ver co metal se non máis ben dunha evolución fonética da palabra árabe Balata, que significa camiño empedrado, de calquera maneira a Exeria encántalle percorrer as diferentes vilas, aldeas e cidades que compoñen esta ruta e as festas que as acompañan por exemplo a trasná gusta moito do Entroido tanto o que se fai nas vilas de Verín, Xinzo da Limia ademais do de Laza, en todas elas fartase a comer a sobremesa típica desta festa “As orellas do Entroido” pero hai outra festa na que Exeria tamén o pasa ben e no Sanmain (Halloween en estados unidos) que se celebra dende o 31 de outubro ata 1 de novembro, gústalle baleirar as cabazas e pórllle caras de medo inda que na época dos celtas esta celebración era para festexar “O Ano Novo”.

Outra das festas é a Noite de San Xoán, noite máxica e de feitizos con distintas herbas, comendo sardiñas e saltando as fogueiras a trasná salta nela 9 veces para que lle traian sorte.

Ademais de todo isto na Vía da Prata, Exeria ten grandes amigos que viven por todo o camiño, máxicos persoeiros coma as Mouras, criaturas fantásticas que solen vivir nas construcións

## Anexo 13: Conto Trasná Exeria

Megalíticas e a auga, teñen longos cabelos que andan a peitear co seu peite de ouro e poden axudar con regalos ou ser o peor pesadelo de quen as moleste, por iso Exeria xoga pouco con elas e outros a quen tamén non trata de amolar son os Xacios seres máxicas metade anfibios con figura humana que viven no fondo das augas do río que esta considerado o Pai dos ríos galegos o Miño que pasa por Ourense nace na provincia de Lugo e desemboca na provincia de Pontevedra na Garda.

Outra das amigas do camiño de Exeria son as Nubeiras, estas viaxan sobre as nubes mandan nelas e controlan os raios e os tronos, os ventos e a chuvia, esta pode ser de varias maneiras como a Treboada mais forte e o Orballo suave.

Pero hai persoeiros do camiño que dan moito mais medo cas Mouras ou os Xacios, estes veñen do Alén ou terra dos mortos como as pantasma ou a Santa Compañía (procesión de finados que anuncia a morte de aquel que presencia a súa procesión, por iso e bo se te atopas con ela levar as dúas mans ocupadas, cunha pedra, un pau...), ante todo isto Exeria trata de levarse ben con eles por iso cada vez que atopa un Peto de Animas (pequenos santuarios situados nos camiños, encrucilladas e igrexas para deixar ofrendas como, millo, fabas... para os defuntos), presenta os seus respectos e deixa a súa ofrenda




## Anexo 13: Conto Trasná Exeria

Inda que hai outro personaxe que utilizan os adultos para asustar os nenos/as para que estes durman que a Trasná nunca viu no camiño que é o Coco ou Home do saco.

Exeria aparte destes amigos e dos peregrinos/as que atopa no camiño ten outros coma as plantas e animais, a súas árbores e arbustos preferidas do camiño son as que eran veneradas polos antigos celtas e o carballo, o castiñeiro, o bidueiro, o toxo coa súa amarela flor chamada chorima, a xesta e o acivro, así como as diferentes especies de vacas que atopa entre elas a cachena, Pero dos animais que atopa a raposa que é tan arteira como ela non lle cae tan ben por que un día enganouna e iso que non é doado enganar a unha Trasná so se coñeces o segredo para facelo e a raposa sabía, para distraela do camiño a raposa puxo 11 belotas diante e Exeria non puido resistir a curiosidade e comezou a contar pero os trasnos so saben contar ata 10 por iso cando chegan ata o número que non saben comezan de novo e alí pasou a pobre trasná contando parte do día, mentres a raposa non paraba de rir dende o seu agocho dende ese día a Trasná non é moi amiga de esta e trata de evitala pero a ela gústalle peregrinar pola Vía da Prata

FIN

# Anexo 14: Ficha cubo de Lapis





**SESIONES 15: DE COEDUCACIÓN**

**O CAMIÑO EN FIMININO**

# E TI QUE FAS NO CAMIÑO?



**Duración:** 50min/1 sesión

**Material:**

Papel mura, tesoiras, cola, actividade anexo 1

**Obxectivos:**

- Prevención da Violencia de xénero
- Fomentar a igualdade entre xéneros

**Actividade:**

Preguntar para comezar un dialogo, Cantas tarefas cren que fan as peregrinas/os?, e eles/as nas súas casas cales son as súas tarefas, e as dos seus pais como as reparten?... No anexo 6 tedes as tarefas necesarias para poder completar a vía da prata ou outras rutas do Camiño de Santiago ,Quen fai que e por que?

Logo Poñemos nun mural as tarefas que son de todos e todas





## Anexo 1: Lista de tarefas para facer a Vía da Prata



**Escoller o sitio mellor para parar a comer**



**Encargarse de mirar o parte meteorolóxico**



# PIONEIRAS



**Duración:** 50min/1 sesión

**Material:**

Anexo 2, papel mural, rotuladores de cores

**Obxectivos:**

- Prevencción da Violencia de xénero
- Fomentar a igualdade entre xéneros

**Actividade:**

Abrimos dialogo preguntando quen coñece algunha peregrina que fixera o camiño podemos invitar a unha peregrina para que nos fale da súa experiencia, poñemos a información nun mural

**Variante:** Damos a información da ficha técnica do anexo 2, e por equipos de 6 poden e facer nun mural unha liña do tempo dende a Idade antiga ata os nosos días, das primeiras peregrinas, logo xuntan os murais e o expoñen os compañeiros



## Anexo 2: Ficha técnica, peregrinas

### **Exeria:**

Muller increíble que viviu na idade antiga en concreto o Grande Imperio Romano, Exeria pertenceu a unha familia Patricia la elite da súa época, ela no século IV peregrinou dende a antiga Gallaecia (a actual Galicia), ata Terra Santa, Xerusalén.



Feito moi pouco usual para unha muller na súa época ademais de percorrer este camiño como peregrina deixouno a súa longa viaxe por escrito o seu relato foi atopado no século XIX, permitindo descubrir as condicións no o que facían o camiño ademais dos seus pensamentos e emocións durante toda a viaxe, converténdose en toda unha heroína.



## Anexo 2: Ficha técnica, peregrinas

### Jimena Garcés.

Esta e a primeira muller peregrina que fixo o camiño ata Santiago de Compostela No século X, ela era a raíña de Asturias e fixo o camiño xunto o Rei Alfonso III.



### Gildeberta de Flandes.

Foi dende Roma ata Santiago e moitos historiadores apuntan que ela foi se non a autora a coautora xunto con Aymeric Picaud do Códice Calixtino, ( E un dos documentos máis importantes da Idade Media, sendo unha auténtica guía do Camiño de Santiago)



## Anexo 2: Ficha técnica, peregrinas

### Bona de Pisa.

Unha moza descendente de comerciantes pisanos que iniciou varias visitas a lugares santos, entre eles o camiño de Santiago (chegando incluso a facer de guía de peregrinos).



### Isabel II de Portugal

A raíña lusa, foi a primeira peregrina coñecida en realizar o Camiño Portugués. Peregrinou a Santiago en dúas ocasións quedou tan conmocionada pola dura experiencia que tiñan que vivir os peregrinos que destinou importantes cantidades de diñeiro a dotar a Ruta de hospitais e centros asistenciais.



## Anexo 2: Ficha técnica, peregrinas

Tamén deu conta da súa experiencia por escrito, establecendo no seu Libro de Horas que de abril a setembro eran os mellores meses para facer o camiño, xa que partías con bo tempo, regresando antes da vendima e o frío.

**Santa Brígida de Suecia.** A súa vida está ligada por enteiro as peregrinacións. Facendo o camiño de Santiago por primeira vez na primeira metade do século XIV, cando o recorreu a pe co seu marido dende a ruta que separa Suecia de Santiago.

Volveu a Santiago e outros lugares de peregrinación (Roma, Xerusalén), dedicando os seus bens a obras de caridade.

Pero tamén temos peregrinas mais preto do noso tempo como escritoras e actrices famosas como **Edith Wharton**: unha das escritoras norteamericanas mais recoñecidas do século XX, autora de varios libros como “La edad de la inocencia”; esta foi unha muller como as peregrinas que vimos unha muller adiantada o seu tempo, recorreu o camiño de Santiago en dúas ocasións dende Francia, a primeira vez en 1925 e despois en 1928. Posteriormente plasmou as súas vivencias no seu libro “Back to Compostela”.

## Anexo 2: Ficha técnica, peregrinas

Outras das mulleres que fixo o camiño foi a actriz americana gañadora de un óscar **Shirley Maclaine**, Comezou o se recorrido en Roncesvalles o 4 de Xuño de 1994, chegando a Santiago de Compostela un mes despois. A actriz partir de esta experiencia, escribiu un libro onde conta esa Viaxe: *The Camino. A journey of the spirit.*





# WEBGRAFÍA



Contact improvisación - Wikipedia, la enciclopedia libre

Body Weather – Espacio Punto de Fuga

Min Tanaka - Wikipedia (en-m-wikipedia-org.translate.goog)

Apuntes Baile tradicional.pdf (xunta.gal)

Danza contemporánea - Wikipedia, la enciclopedia libre

Flyng Low con Lucía Sánchez - Estudio 3

Técnica Release (danzaacontemporanea.blogspot.com)

Mindfulness - Wikipedia, la enciclopedia libre

Yoga - Wikipedia, la enciclopedia libre

Escalada - Wikipedia, la enciclopedia libre

Vía de la Plata - Camino de Santiago en Galicia: web oficial

Guía de árboles del Camino Francés (elcaminoconcorreos.com)

Camino de Santiago en Ourense (turismodeourense.gal)

EDUCACION EMOCIONAL (xunta.gal)

Pilates - Wikipedia, la enciclopedia libre

Mitos, contos e Lendas galegas - Galicia Encantada

Arquitectura culinaria. Food Arquitectura - Xacobeo (accioncultural.es)

Carteles-para-un-camino\_2021\_DIG\_compressed.pdf (consejojacobe-ox21.es)

Cestería y fibras vegetales - Xacobeo (accioncultural.es)

El cuero - Xacobeo (accioncultural.es)

Detalle de evento - Camino de Santiago en Galicia: web oficial



# ENLACES DE INTERESE

Xacobeo: [www.caminodesantiago.gal](http://www.caminodesantiago.gal)

Catedral de Santiago: [www.catedraldesantiago.es](http://www.catedraldesantiago.es)

Arzobispado de Santiago: [www.archicompostela.org](http://www.archicompostela.org)

Oficina del Peregrino: [www.oficinadelperegrino.com](http://www.oficinadelperegrino.com)

Spiritual Pilgrimages (Camino de Santiago y Camino Kumano Ko-do): <https://www.spiritual-pilgrimages.com/>

Guía Eroski: <http://caminodesantiago.consumer.es/>



## Como Contactar

Teléfono: 600 09 02 09

Correo Electrónico: [trebellosmediacion@gmail.com](mailto:trebellosmediacion@gmail.com)

Página Web: <https://www.asociaciontrebellos.es>

